

## Fademga Feaps Galicia prepara as Aportacións ao Decreto que regula o Réxime de Autorización e Acreditación de Programas e Centros de Servizos Sociais de Galiza



As entidades de Fademga Feaps Galicia reuníronse o pasado xoves 8 de febreiro de 2007 na sede da Federación en Santiago de Compostela para abordar entre outros asuntos as posibles aportacións a presentar ao Decreto polo que se regula o réxime de Autorizacións e Acreditación de Programas e Centros de Servizos Sociais de Galiza

Ante a publicación do **Decreto 243/1995, do 28 de xullo, que ten por obxecto a regulamentación do réxime de autorización e acreditación dos centros e programas de servizos sociais, así como o establecemento das condicións e requisitos xerais que deben cumprir para o seu funcionamento**, as entidades de Fademga Feaps Galicia reuníronse o pasado xoves 8 de febreiro para preparar as aportacións a presentar a dito Decreto.

O ámbito de aplicación deste decreto esténdese a todas as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que sexan titulares de centros de servizos sociais e/ou que desenvolvan programas sociais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



Na reunión na que estivo presente o Presidente de Fademga Feaps Galicia, **Julio C. Cortiñas López**; acompañado por integrantes da Xunta Directiva e profesionais de Fademga, explicouse a estrutura do Decreto e debatíronse diversos temas en relación ao mesmo.

**O Decreto estrutúrase en tres Capítulos.**

**O primeiro deles** aborda as cuestións de carácter xeral que deben ilustrar a aplicación da norma, tales como o seu obxecto, ámbito de aplicación e as obrigas das entidades prestadoras.

**O Capítulo segundo**, baixo a rúbrica “das autorizacións administrativas”, regula, dun xeito máis claro e conciso, o réxime de autorizacións administrativas esixibles aos centros e programas de servizos sociais, establecendo unha regulación máis exhaustiva do procedemento a observar na súa tramitación.

**No Capítulo III do Decreto**, abórdase a regulación da acreditación á que poderán acceder os centros e programas previamente autorizados.

**VER Decreto 243/1995, do 28 de xullo**

A reunión mantida coa entidades de Fademga Feaps Galicia tamén serviu para que o Directo Xeral e o Director Técnico de **Previgalia** presentaran ás entidades información sobre esta empresa especializada en ofrecer produtos para solventar as distintas necesidades que en materia de seguros xorden no mundo da discapacidade e do terceiro sector.